OBXECTIVOS: Coñecer os virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula
- Destreza no manexo de material de laboratorio

4.3-Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica. CMCCT, CD.

TEMPORALIZACIÓN: 2 sesións

OBXECTIVOS: Coñecer os métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula
- Destreza no manexo de material de laboratorio

4.4-Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos. CCL, CMCCT

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión

OBXECTIVOS: Coñecer o papel dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula

4.5-Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan. CSC, CD.

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión

OBXECTIVOS: Coñecer aos microorganismos como axentes produtores de doenzas.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula

4.6-Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións. CAA, CCEC, CSC, CMCCT

TEMPORALIZACIÓN: 2 sesións

OBXECTIVOS: Achegamento á biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula
- Destreza no manexo de material de laboratorio

4.7-Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial. CCEC, CSC, CMCCT

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesións

OBXECTIVOS: Achegamento á biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula
- Destreza no manexo de material de laboratorio

4.8-Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio. CD, CMCCT

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión

OBXECTIVOS: Achegamento á biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula

BLOQUE 5. O SISTEMA INMUNITARIO. A INMUNOLOXÍA E AS SÚAS APLICACIÓNS

Estándares de aprendizaxe e competencias

5.1-Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta

inmunitaria. CAA, CSIEE

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Concepto actual de inmunidade. Sistema inmunitario. Defensas internas inespecíficas.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Desenvolver o concepto actual de inmunidade.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.2-Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune. CCL

TEMPORALIZACIÓN: 2 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer a inmunidade específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Distinguir inmunidade inespecífica e específica, así como as súas células respectivas.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.3-Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria. CAA

TEMPORALIZACIÓN:1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer os mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Discriminar resposta inmune primaria e secundaria.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.4-Define os conceptos de antígeno e de anticorpo, e reconece a estrutura e a composición química dos anticorpos. CCL, CAA

TEMPORALIZACIÓN: 0,5 sesións.

OBXECTIVOS: Coñecer os antígenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Definir os conceptos de antígeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.5-Clasifica os tipos de reacción antígeno-anticorpo e resume as características de cada un. CAA

TEMPORALIZACIÓN: 0,5 sesións

OBXECTIVOS: Coñecer a reacción antígeno-anticorpo: tipos e características

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Diferenciar os tipos de reacción antígeno-anticorpo.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.6-Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros. CAA

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer a inmunidade natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Diferenciar inmunidade natural e artificial, e soro e vacina.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.7-Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias. CCL, CSIEE

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesións.

OBXECTIVOS: Coñecer as disfuncións e deficiencias do sistema inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias. Sistema inmunitario e cancro.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e algunhas patoloxías frecuentes.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.8-Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH. CAA, CD, CCL

TEMPORALIZACIÓN:1 sesións.

OBXECTIVOS: Coñecer a SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Analizar e describir o ciclo do virus do VIH.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.9-Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde. .CSIEE, CSC, CCEC

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer as doenzas autoinmunes.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Describir o proceso de autoinmunidade.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Proba escrita

-Participación na aula

5.10-Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais. CSC, CCEC

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer os anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Exposición oral
- Participación na aula

5.11-Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan. CAA, CSC, CCEC

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer os anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula

5.12-Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue. CSC, CCEC

TEMPORALIZACIÓN: 1 sesión.

OBXECTIVOS: Coñecer os anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA: Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Proba escrita
- Participación na aula

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O currículo de Ciencias da Natureza hai que abordalo desde moi diversas perspectivas conceptuais e metodolóxicas, en concreto, da Física, da Química, da Bioloxía e da Xeoloxía (todas elas teñen en común unha determinada forma de representar e de analizar a realidade), ademais doutras coas que mantén unha estreita interconexión, como son a ecoloxía, a meteoroloxía, a astronomía, ..., . Nesta liña, os coñecementos son cada vez máis especializados e, en consecuencia, máis profundos. En calquera caso, esta especialización progresiva non é incompatible co estudo interdisciplinar, non é van o coñecemento científico, en xeral, e o natural, en particular, non se pode estudar de forma fragmentada, algo que atopa o seu reflexo na organización dos contidos desta materia neste curso (o/a alumno/a debe saber que hai uns procedementos de investigación comúns aos distintos ámbitos do saber científico).

En adición ao anterior e debido aos grandes retos biotecnolóxicos actuais, a materia de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter, no seu tratamento metodolóxico, un carácter eminentemente práctico, baseado na realización de variadas e adecuadas tarefas experimentais, adaptadas a cada nivel, que permitan ao alumnado alcanzar as destrezas necesarias no manexo de material de laboratorio, microscopios, material de campo, recollida de mostras, resolución de problemas e todos os que lle permitan afrontar no futuro estudos científicos coa formación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Para alcanzar estes obxectivos ao longo do currículo preséntanse actividades de laboratorio e manexo de modelos baseados nas novas tecnoloxías, que se engaden á formación teórica que se recolle nos contidos.

A alfabetización científica do alumnado, entendida como a familiarización coas ideas científicas básicas, convértese nun dos obxectivos fundamentais, pero non tanto como un coñecemento finalista senón como un coñecemento que lle permita ao alumnado a comprensión de moitos dos problemas que lle afectan ao mundo na vertente natural e ambiental e, en consecuencia, a súa intervención no marco dunha educación para o desenvolvemento sostible do planeta (a ciencia é, en calquera caso, un instrumento indispensable para comprender o mundo). Isto só se poderá lograr se o desenvolvemento dos contidos (conceptos, feitos, teorías, etc.) parte do que coñece o/a alumno/a e do seu contorno, que poderá comprender e sobre o que poderá intervenir. Se ademais temos en conta que os avances científicos se converteron ao longo da historia nun dos paradigmas do progreso social, vemos que a súa importancia é fundamental na formación do alumnado, formación na que tamén repercutirá unha determinada forma de enfrontarse co coñecemento, a que incide na racionalidade e na demostración empírica dos fenómenos naturais. Neste aspecto habería que lembrar que tamén debe facerse fincapé no que o método científico lle achega ao alumnado: estratexias ou procedementos de aprendizaxe para calquera materia (formulación de hipóteses, comprobación de resultados, investigación, traballo en grupo...).

Para tratar axeitadamente os contidos, a proposta didáctica e metodolóxica debe ter en conta a concepción da ciencia como unha actividade en permanente construción e revisión, e ofrecer a información necesaria realzando o papel activo do alumnado no proceso de aprendizaxe mediante diversas estratexias:

- Darlle a coñecer algúns métodos habituais na actividade e na investigación científica,

invítalo a utilizarlos e reforzar os aspectos do método científico correspondentes a cada contido.

- Xerar escenarios atractivos e motivadores que o axuden a vencer unha posible resistencia apriorística ao seu achegamento á ciencia.
- Proponer actividades prácticas que o sitúen fronte ao desenvolvemento do método científico, proporcionándolle métodos de traballo en equipo e axudándoo a enfrontarse co traballo / método científico que o motive para o estudo.
- Combinar os contidos presentados expositivamente, mediante cadros explicativos e esquemáticos, e nos que a presentación gráfica é un importante recurso de aprendizaxe que facilita non só o coñecemento e a comprensión inmediata do alumnado senón a obtención dos obxectivos da materia (e, en consecuencia, da etapa) e as competencias básicas.

Todas estas consideracións metodolóxicas tivéronse en conta nos materiais curriculares que se van utilizar e, en consecuencia, na propia actividade educativa que se desenvolverá diariamente:

- Tratamento dos contidos de forma que conduzan a unha aprendizaxe comprensiva e significativa.
- Estratexias de aprendizaxe que propicien a análise e a comprensión do feito científico e natural.
- Unha exposición clara, sinxela e razoada dos contidos, cunha linguaxe adaptada á do alumnado.

O uso de calquera recurso metodolóxico, debe ir encamiñado á participación cotiá do estudante no proceso educativo. Nun contexto no que se está a xeneralizar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (a internet, vídeos, CD-ROM, etc.), non tería sentido desaproveitar as súas posibilidades educativas, de aí que o seu uso, interesante en si mesmo polas posibilidades de obtención de información que permiten, facilita que o estudante sexa formado nalgúns das competencias básicas do currículo (aprender a aprender, tratamento da información e competencia dixital,...).

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

De xeito cotiá, empregárase o libro de texto, aínda que puntualmente recomendarase a consulta doutras fontes escritas e facilitaranse materiais impresos elaborados polo profesorado da materia.

O material do centro con que podemos contar agruparémolo en 3 bloques:

- Material bibliográfico: dispoñible nos departamentos do ámbito científico e na biblioteca.
- Material de laboratorio: microscopios, lupas, balanzas,...
- Material audiovisual: presentacións, vídeos,...
- Material TIC e audiovisual: o alumnado da ESO conta cos ordenadores da rede Abalar, o resto de alumnado poderá traballar nas aulas de informática do centro puntualmente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación servirá para diagnosticar o nivel de eficiencia do proceso de aprendizaxe e facilitar as medidas correctoras se é o caso. Así mesmo, terá que acentuar o seu papel motivador para o alumnado, para o que serán de utilidade os procedementos de autoavaliación e coavaliación.

A avaliación debe ser continua e integradora, seguindo os criterios fixados. Valorarase a adquisición de novos contidos, facendo dunha maneira singular, o seguimento da consecución de capacidades.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.

- Observación do traballo diario do alumnado: caderno de aula, fichas de prácticas de laboratorio, cadernos de traballo de campo.
- Observación da participación do alumnado nas actividades en equipo e en gran grupo: debates, exposicións, saídas, etc.
- Valoración das actividades complementarias: exposicións, traballos en grupo ou individuais ... Terase en conta a linguaxe empregada para expresar as súas ideas, a forma de presentar os traballos, as recollidas de información, etc.; así como a capacidade para aplicar os coñecementos a situacións reais, distintas das que se traballaron na aula.
- Realización de probas escritas e orais sobre os contidos de cada unidade ou bloque de unidades; como mínimo realizaranse 2 probas escritas por trimestre.

MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO REPETIDOR DUNHA MATERIA

NA ESO

- Realizaremos un seguimento deste alumnado coa fin de detectar algún problema de aprendizaxe e desenvolvemento das competencias da materia e realizar un **reforzo específico** na aula coa fin de que acade os obxectivos mínimos que lle permitan superar a materia positivamente.
- No caso de detectar dificultades de aprendizaxe, o departamento elaborará e terá a dispor do profesorado do mesmo todo o material de reforzo necesario para este alumnado.

EN BACHARELATO

- ☒ Realizarán as mesmas actividades e prácticas que o resto do alumnado, así como a avaliación dos contidos esixidos do curso en cuestión.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo os procedementos e instrumentos de avaliación e tendo en conta os conceptos, procedementos e actitudes, adoptaremos os seguintes criterios de cualificación:

• Alumnado da ESO:

- De Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO: a nota da avaliación será a media das notas obtidas nas probas escritas que corresponden ao 60%, podendo obter ata un 30% pola presentación de actividades escritas, exposición oral, participación na aula, valoración das actividades voluntarias, e un 10% do comportamento e actitude no laboratorio, nas actividades de campo e na aula. Por traballos voluntarios poderá sumarlle ata un punto. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

- De Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO: a nota da avaliación será a media das notas obtidas nas probas escritas que corresponden ao 70%, podendo obter ata un 20% pola presentación de actividades escritas, exposición oral, participación na aula, valoración das actividades voluntarias, e un 10% do comportamento e actitude no laboratorio, nas actividades de campo e na aula. Por traballos voluntarios poderá sumarlle ata un punto. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

De Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO: a nota da avaliación será a media das notas obtidas nas probas escritas que corresponden ao 70%, podendo obter ata un 20% pola presentación de actividades escritas, exposición oral, participación na aula, valoración das actividades voluntarias, e un 10% do comportamento e actitude no laboratorio, nas actividades de campo e

na aula. Por traballos voluntarios poderá sumarlle ata un punto. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

-De Cultura Científica: As probas escritas suporán o 60% da nota da avaliación, o 30% restante reflectirá a valoración do resto de procedementos e instrumentos de avaliación e o 10 % a actitude e traballo na aula. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

•**Alumnado de 1º de Bacharelato:**

- De Bioloxía -Xeoloxía: O 80% da nota corresponde aos controis escritos ou orais para avaliar os estándares correspondentes. Realizaranse un mínimo de dous controis escritos por trimestre. Os traballos, caderno, fichas de laboratorio ou calquera outra actividade encomendada supoñerán o 20% da nota. Por traballos voluntarios poden sumar ata 1 punto. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

- De Anatomía Aplicada: Realizaranse 2 exames ao trimestre que suporán o 80% da nota. O 20% restante reflectirá a valoración do resto de procedementos e instrumentos de avaliación. Na avaliación ordinaria, a nota final será a media das tres avaliacións. Na avaliación extraordinaria, a nota corresponde á obtida na proba escrita deseñada a tal efecto.

•**Alumnado de 2º Bacharelato:**

-**Bioloxía de 2º Bacharelato**: farase unha avaliación continua dividindo a materia segundo os bloques establecidos polo grupo de traballo:

- 1ª avaliación: a cualificación correspondente ás probas dos bloques I e II
- 2ª avaliación: a cualificación correspondente ás probas dos bloques I e II, e III e IV
- 3ª avaliación: cualificación final da materia, que inclúe todos os bloques
- O alumnado que non supere a materia terá a opción de realizar unha proba final correspondente aos bloques suspensos
- Como instrumentos de avaliación, faranse probas escritas segundo o modelo das ABAU. Representan o 100% da nota. O alumnado que supere as probas escritas, ademais poderá sumar ata un punto pola actitude e traballo de aula.

•**Alumnado con avaliacións suspensas:**

Cando o alumnado suspende unha avaliación realizará un traballo específico de recuperación e/ou deberá entregar o caderno de traballo das actividades prácticas do trimestre

e/ou un exame para poder ser avaliado positivamente na ESO.

O alumnado de Bacharelato terá dereito a un exame de recuperación cos contidos desenvolvidos no trimestre. As veces, se terá en conta outras actividades e prácticas desenvolvidas durante o trimestre.

Ao final de curso, se a media das avaliacións é un suspenso, poderán realizar unha proba escrita final na que se fará unha recuperación dos contidos avaliados negativamente en cada trimestre. A súa valoración será 100% da nota.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro permitirannos avaliar o proceso do ensino e a práctica docente:

A) Sobre contidos teóricos

NIVEL I	NIVEL II	NIVEL III	NIVEL IV
Presenta dificultades para identificar e entender os contidos conceptuais	Comprende de forma incompleta os contidos conceptuais	Comprende perfectamente os contidos conceptuais pero comete algúns erros	Comprende perfectamente os contidos conceptuais

B) Sobre contidos prácticos

NIVEL I	NIVEL II	NIVEL III	NIVEL IV
Non é capaz de executar os contidos prácticos deseñados	Executa con certa dificultade os contidos prácticos deseñados	Executa eficazmente os contidos prácticos deseñados	Executa perfectamente os contidos prácticos deseñados

MATERIAS PENDENTES

Co alumnado da ESO que promocionó a un curso superior sen ter acadado os obxectivos nas materias de cursos pasados procédese do seguinte xeito:

- Comunicación formal ás familias da situación.
- Adxuntaranse unha serie de actividades secuenciadas, relacionadas cos contidos da materia, que deberá realizar e presentar no prazo sinalado, ben ao profesor/a da materia no curso actual, ben á xefa do departamento, no caso de non cursar actualmente ningunha materia deste departamento.
- As actividades unha vez corrixidas son devoltas ao alumnado.
- Realízase unha proba escrita sobre o contido das actividades, para comprobar o nivel de asimilación dos contidos.

Coa presentación das actividades e superación da proba escrita considérase aprobada a materia pendente.

- ☞ 1º ESO: a realización correcta das actividades propostas acadará un aprobado da materia. En caso de non facelas, terá unha proba nas datas propostas polo departamento.
- ☞ 3º ESO: aquel alumnado que presente as actividades propostas polo departamento e que estean correctas, terá que facer unha proba de coñecementos de anatomía humana e

contidos de xeoloxía na que as probas propostas serán de identificación. Se non entregan as actividades propostas ou non estean correctas, terá que facer unha proba de todos os coñecementos do trimestre ou unha proba final no mes de Maio.

Co alumnado da Bacharelato que promocionó a un curso superior sen ter acadado os obxectivos nas materias de cursos pasados procédese do seguinte xeito:

- Comunicación formal ás familias da situación.
- Se lle comunicará os temas a avaliar en cada unha das avaliacións e as datas propostas en cada trimestre, se lle fará unha proba de contidos mínimos desta materia.
- Se non acadase unha avaliación positiva nos distintos trimestres, terá unha proba final no mes de Abril.

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial permitiranos un diagnóstico previo da situación de partida en cada grupo.

O desenvolvemento do proceso de aprendizaxe debe contribuír a unha reflexión crítica que permita comprobar a viabilidade da programación e a súa posible reorientación. A avaliación inicial proporcionaranos información que permita a retroalimentación do proceso e a toma de decisións eficaces e aplicación das posibles medidas de atención á diversidade descritas a continuación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO

Dentro de cada grupo existe alumnado con diferente nivel de desenvolvemento, o cal require a realización de **actividades de reforzo** e ampliación con diferentes niveis que permitan integrar a todo o alumnado.

O alumnado que polas súas necesidades o precise, poderá ser incluído no agrupamento específico.

Mención aparte merece o alumnado que precisa dunha Adaptación Curricular Individualizada; para este colectivo elaboramos desde o departamento cadernos de estudio e traballo específicos, xunto con outros que nos presenten as editoriais, que lles permiten integrarse na aula, á vez que dispoñen dun material adaptado ao seu nivel.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O desenvolvemento dos contidos das materias do departamento de Bioloxía e Xeoloxía desenvolveranse de forma transversal. A continuación vemos algún exemplos desta transversalidade:

Educación moral e cívica: o estudio da Bioloxía contribúe a desenvolver o rigor nos razoamentos e a flexibilidade para manter ou modificar os enfoques persoais dos temas. Debe manterse sempre unha visión da ciencia inserida e influída por unha determinada sociedade. Así, o coñecemento das implicacións sociais de determinados avances, sobre todo en Biotecnoloxía, como a clonación debe procurar a reflexión crítica que derive nunha toma de postura activa.

Educación para a igualdade: buscarase a reflexión sobre o desfase entre o desenvolvemento da ciencia e a posibilidade de acceso aos avances en condicións de igualdade para toda a humanidade, cos exemplos de científicas con un papel relevante nos avances da Bioloxía e a Xeoloxía, tales como Rosalind Franklin ou Margarita Salas que contribúen a visualizar a relación entre mulleres e ciencia, cando se fale da reprodución sexual farase referencia ao ser humano, e entón deberanse evitar expresións, representacións ou accións que impliquen discriminación sexista. Débese transmitir, así mesmo, un talante de respecto por calquera tendencia sexual.

Educación para a saúde.: tratada con múltiples contidos en todos os niveis, sobre todo nos referidos á contaminación da auga, do aire ou do chan e ao estudar as consecuencias dos riscos de tipo tecnolóxico ou os desastres naturais, os hábitos alimenticios e hixiénicos ...

Educación para a paz: por exemplo ao analizar e criticar o feito de que existan diferenzas Norte/Sur tan marcadas, o feito de que o patrimonio xenético do Sur está a ser comercializado polo Norte, a relación que existe entre a satisfacción das necesidades alimentarias básicas e o mantemento da paz no mundo.

Educación ambiental: cando recordamos a necesidade de consumir e utilizar de xeito razoable e solidario un recurso como a auga, imprescindible para o mantemento da vida, ou a consecuencia directa do aumento do efecto invernadoiro e, polo tanto, a elevación da temperatura global do planeta debido a actividade humana.

Educación para o consumo: buscarase a reflexión sobre varios aspectos que nos afectan como consumidores e ser conscientes de que as nosas decisións poden influír de forma positiva ou negativa no medio, por exemplo, a captura ilegal de crías, práctica que pode rematar coas reservas pesqueiras de moitos mares, o tráfico ilegal de animais exóticos (aves, réptiles, etc.), ou a utilización de produtos procedentes de animais protexidos ou en vías de extinción, como os abrigos de pel de foca ou de raposo.

Educación viaria: Pódese tratar o aumento do número de accidentes de tráfico causados por unha visión e unha audición deficiente. Isto implica a necesidade de revisións periódicas e de utilizar, en caso necesario, as técnicas correctoras axeitadas: lentes, audiófonos...

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os centros docentes deben desenvolver e completar o currículo coa finalidade de adecuarse ás características e á realidade de cada un deles. As actividades complementarias e extraescolares son un instrumento moi útil para achegármonos ao contorno social e natural no que está inserido o noso centro, posibilitando a conexión do estudado coa realidade inmediata e a aplicación dos coñecementos adquiridos nun contexto concreto.

Para este curso, despois de análise e debate nas reunións de departamento, propóñense as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

1º ESO Bioloxía-Xeoloxía

1º Trimestre:

- Visita á Casa dos Peixes e Planetario da Coruña, unha mañá
- Visita á Potabilizadora e Depuradora da Laracha, unha mañá.

2º Trimestre

- Roteiro por Baldaio, un luns durante toda a xornada.

3º Trimestre

- Roteiro polo río Anllóns, unha mañá.
- Sesión de Cine e Ciencia na Aula de Cultura; duración 2 horas.
- Charla-coloquio Ciencia e Actualidade na Aula de Cultura; duración 2 horas.
- Visita ao Museo de Historia Natural Luis Iglesias en Santiago

3º ESO Bioloxía-Xeoloxía

2º Trimestre ou 3º trimestre

- Colaboración co Camiño sen límites, roteiros inclusivos pola natureza
- Deseño e realización de itinerarios xeolóxicos
- Saída Costa da Morte e visita ao Museo da Olería de Buño
- Expedición Balmis con Isabel Zendán
- Domus – A Coruña. Todo o alumnado; unha mañá.
- Exposición itinerante do CEIDA

4º ESO Bioloxía-Xeoloxía / Cultura Científica

1º Trimestre

- Itinerario pola Costa da Morte. De Baldaio ao esteiro do Anllóns. Todo o día

2º Trimestre

- Exposición itinerante do CEIDA
- Vídeo – conferencia por Skype coa Base Científica española da Antártida
- Taller – Obradoiro de Xeoloxía con Francisco Canosa

3º Trimestre

- Visita ás Fragas do Eume. Todo o día

1º BACHARELATO: Bioloxía e Xeoloxía/ Anatomía Aplicada

1º ou 2º Trimestre

- Conferencia sobre os transplantes e REA, 4 horas.
- Itinerario pola Capelada (só alumnado de Bioloxía e Xeoloxía), todo o día.
- Taller – Obradoiro de Xeoloxía con Francisco Canosa
- Itinerario pola Costa da Morte
- Deseño e realización de Itinerarios Xeolóxicos
- Visita ás Fragas do Eume

2º BACHARELATO: Bioloxía

2º ou 3º trimestre

- Visita ao SAI da Universidade da Coruña, unha mañá.
- Visita ao Laboratorio de Xenética do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera

DIRIXIDO CARA TODO O ALUMNADO

- Exposición itinerante do CEIDA
- Feira científica co alumnado da USC

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO, PLANO LECTOR, PLANO TIC E PLANO DE CONVIVENCIA

•**Proxecto Lingüístico:** A contribución do departamento ao Plano Lingüístico do centro desde as distintas áreas limítase ao uso da lingua galega en todas elas, como lingua oral; os libros de texto das áreas en que é obrigatorio están así mesmo en lingua galega, pero a falta doutros materiais curriculares en galego, imposibilita que sexa esta a única lingua empregada nas aulas e consideramos que é un problema que debe ser resolto desde a administración educativa. O novo decreto de bacharelato, que suprime a obrigatoriedade en galego para varias materias (Bioloxía e Xeoloxía, CTMA e Bioloxía) ten un efecto negativo, sen embargo, o departamento decidiu seguir impartindo as materias de bacharelato en lingua galega.

•**Plano Lector:** Consideramos que o ensino das ciencias ten unha finalidade primordial: lograr que todo o alumnado teña acceso a unha cultura científica que lle permita comprender e actuar na vida cotiá con responsabilidade e participar activamente na procura de solucións aos problemas, o cal require profundas transformacións no ensino das ciencias tales como proporcionar un enfoque cada vez máis humanista, que poña de relevo a contribución das ciencias á cultura xeral e preste especial atención aos problemas éticos relacionados co desenvolvemento científico-tecnolóxico; a familiarización dos estudantes con métodos e modos de pensar e comportarse característicos da actividade científico - investigadora contemporánea; e o desenvolvemento dunha actitude crítica, reflexiva, responsable, transformadora e solidaria, diante dos problemas da humanidade e do seu entorno. Un valioso instrumento para lograr estes fins é a lectura e análise de textos que conecten Ciencia- Tecnoloxía e Sociedade.

Pendientes de que se concreten as liñas xerais do Plano Lector, desde o departamento preténdese contribuír ao fomento da lectura comprensiva e marcámonos como obxectivo primordial a alfabetización científica do alumnado a través das seguintes actividades:

1. Lectura e comprensión de textos do libro do alumno.
2. Lectura comprensiva de enunciado de problemas.
3. Lectura diaria de textos de carácter científico relativos aos contidos das diferentes materias.
4. Realización de dossier de prensa, que conleva a busca de noticias relacionadas co medio natural (consumo de recursos, diversidade de ecosistemas, impacto ambiental, catástrofes naturais, ...) en medios de comunicación diversos, lectura e comentario crítico, que poña de manifesto as interaccións Ciencia- Tecnoloxía- Sociedade - Ambiente.
5. Uso de dicionarios para comprender o significado de vocabulario técnico.
6. Selección e elaboración propia de textos científicos sinxelos para atender á diversidade de alumnado de cada grupo, especialmente ás ACI.

7. Visitas a exposicións e elaboración de traballos escritos.
8. Uso da aula virtual para consultas documentais.
9. Elaboración e divulgación de novas científicas para *Radioleborís*.
10. Elaboración do blog *Ciencia sen límites*.
11. Participación no proxecto interdisciplinar do presente curso escolar de título “*Viaxes emocionantes*”.
12. Recomendación de lecturas (narrativa, ensaio) dun nivel axeitado para cada idade relacionadas coas Ciencias Naturais

LECTURAS RECOMENDADAS

Para 1º e 2º de ESO:

Fernández Paz, A, *As flores radiactivas*

Kelly, J, *A evolución de Calpurnia Tate*

Sepúlveda, L, *Historia dunha gaiivota e do gato que a aprendeu a voar*

Nöstlinger, C, *Konrad o el niño que salió de una lata de conservas*

Para 3º e 4º de ESO:

Muñoz Puelles, V, *2083*

Gripe, M, *Los escarabajos vuelan al atardecer*

Gómez, S, *Eu simio*

Fernández Paz, A, *Trece anos de Blanca*

Para Bacharelato:

Dawkin, R, *O xene egoista*

Bryson, B, *Una breve historia de casi todo*

Asimov, I, *O Universo*

Huxley, A, *Un mundo feliz*

Mariño, X, *Terra*

MATERIAL AUDIOVISUAL

Para a materia de Cultura Científica:

4º ESO :

Bloque 2. O UNIVERSO: Contact

Bloque 3. AVANCES TECNOLÓXICOS , IMPLICACIÓNS SOCIAIS E AMBIENTAIS:
La princesa Mononoke / Diamantes de sangre / Avatar / Un lugar en el mundo /
Odyssey/ Los últimos días del Edén.

Bloque 4. CALIDADE DE VIDA: El chico de la burbuja de plástico / La decisión de

Anne / El aceite de la vida / 22 ángeles.

Bloque 5. A HUMANIDADE E O USO DOS MATERIAIS: Comprar, tirar, Comprar / Grandes almacenes.

OUTRAS PELÍCULAS:

Rapa Nui ; Moon ; 12 monos ; La jetée; Minority Reporter, Erin Bronkovic; Una verdad incómoda, Guerra mundial Z ; Philadelphia ; El día de mañana; 2012...

OUTRAS LECTURAS:

A flor de piel (Javier Moro), *Ángeles custodios* (Almudena de Arteaga), *Eres una bestia*, *Viskovitz* (Alessandro Boffa), *Mi familia y otros animales*, *Bichos y demás parientes*, *El jardín de los dioses* (Gerard Durrell), *Os nenos da varíola* (María Solar), *Para salvar el mundo* (Julia Álvarez).

•Plano TIC:

As tecnoloxías da información e comunicación estarán presentes nas distintas materias a través dos dossiers de prensa, a consulta periódica de páxinas web de contido científico e naturalista, que permiten reforzar, ampliar e ilustrar mediante fotografía, esquemas e simulacións numerosos contidos. Tamén existe a posibilidade de confeccionar webquest para actividades de recuperación. Fomentárase así mesmo o uso das TIC na presentación de traballos en diferentes formatos.

•Plano de Convivencia:

Consideramos que a mellora da convivencia no ámbito escolar pasa polo recoñecemento e posta en valor das culturas minorizadas; así, apostamos por:

1. Posta en valor das aportacións das mulleres ao desenvolvemento científico.
2. Posta en valor das aportacións científicas doutras culturas.
3. Coñecemento de relacións de respecto e equilibrio co medio natural doutros modos de vida diferentes ao noso.
4. Valoración das aportacións ao grupo do alumnado con dificultades de aprendizaxe.
5. Elaboración de traballos en grupo que esixan a cooperación de todas e todos.

Ademais o departamento comprométese a apoiar as iniciativas que lle cheguen desde os equipos responsables dos distintos planos.

PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS PARA AS MATERIAS DE 2º DE BACHARELATO

O alumnado que, segundo a normativa vixente necesite acreditar coñecementos previos para matricularse nalgunha das materias de 2º de bacharelato do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía deberá ter unha entrevista coa persoa responsable da materia na que desexa matricularse, a cal lle exporá os coñecementos básicos que debería ter e as actividades necesarias para facilitarlle á aprendizaxe dos mesmos e poderá solicitar a realización de probas orais e/ou escritas.

Consideramos que é responsabilidade do alumno ou alumna a realización correcta de ditas actividades, decidindo este departamento non opor trabas á matriculación deste alumnado.

AVALIACIÓN E CONTROL DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procesos de avaliación deben incluír os procesos de ensino e a propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo. Esta avaliación terá tamén un carácter continuo e formativo e incluírá referencias a aspectos tales como: a organización da aula, o aproveitamento dos recursos, a relación entre profesorado e alumnado e mesmo entre o profesorado, a convivencia na aula e no centro, así como a propia programación.

A avaliación da propia programación farase en base aos seguintes criterios:

1. A pertinencia das metas establecidas.
2. A selección dos contidos en relación cos coñecementos previos do alumnado.
3. A secuenciación dos contidos que permita a progresiva integración dos mesmos.
4. A selección de actividades que poñan de manifesto as interaccións Ciencia-Tecnoloxía-Sociedade-Ambiente, favorecendo a análise crítica de situacións reais, a procura de alternativas e a exposición e debate das mesmas, e favorecendo tamén a autonomía persoal, a resolución pacífica de conflitos e o traballo cooperativo.
5. A atención á diversidade existente nos grupos.

A valoración efectuarase a través de tres mecanismos:

1. Mediante reunións periódicas do Dpto. indagarase acerca do grao de cumprimento da programación, posibles cambios que se produzan e as súas causas, as expectativas de cumprimento da programación hate o final do curso, etc. , de maneira que se poda axustar aos diferentes puntos dos que consta a programación respecto aos resultados observados nos alumnos.
2. Ao través dos exercicios, exames, controis periódicos, caderno do alumno, e dos resultados de cada avaliación observarase en que medida estanse a cumprir os obxectivos propostos, e o resto dos puntos da programación.
3. Por último, valorarase a programación ao confeccionar a memoria final do curso, onde poderase ver o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. Na memoria final determinaranse os aspectos que se consideran positivos e negativos, e polo tanto o que hai que modificar ou manter.

Asinan a presente programación as profesoras e profesor integrantes do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía durante o curso 2019-2020 no IES Agra de Leborís da Laracha.

A Laracha, a 30 de setembro de 2019

Asdo.: Xacobo de Toro Cacharrón

Asdo.: Sonia Gay Sánchez

Asdo.: María Rey Vilas

Asdo.: Pilar Crespo Amado (Xefa de dpto.)